

TEXTO INTRODUCTORIO

Na súa historia evolutiva relativamente curta, que se atopa testemuñada por restos fósiles, o home non mellorou os seus aprestos hereditarios por cambios corpóreos que poidan descubrirse no seu esqueleto. Non obstante, foi quen de adaptarse a unha variedade de ambientes maior que case tódalas outras criaturas, de multiplicarse con maior rapidez que calquera outro dos seus parentes entre os mamíferos superiores, e de vencer ao oso polar, á lebre, ao falcón e ao tigre nas súas habilidades específicas. Por medio do seu control do lume e da súa habilidade para facer vestidos e habitacións, o home pode, e de feito o realiza, vivir e prosperar desde o círculo polar ártico ata o ecuador. Cos trens e automóviles que constrúe, o home pode avanzar a maior lixeireza da lebre ou a avestruz. Nos aeroplanos, o home pode subir máis alto que a aguia e, cos telescopios, pode ver máis lonxe có falcón. Coas armas de fogo, pode abater animais aos que o tigre non se atreve a atacar.

Con todo, debemos repetir que o lume, os vestidos, as casas, os trens, os aeroplanos, os telescopios e as armas de fogo non son parte do corpo humano. O home pode collelos e deixalos a vontade. Non son hereditarios no sentido biolóxico, senón que a habilidade necesaria para producilos e utilízalos forma parte da nosa herdanza social, sendo resultado dunha tradición acumulada por moitas xeracións, e que non se transmite polo sangue, senón a través da palabra falada e escrita.

Gordon Childe, *As orixes da civilización*

1 A CONSTRUCCIÓN DUNHA PERSONALIDADE ADULTA: AUTONOMIA E CONTROL DA CONDUTA

No proceso de **desenvolvemento da personalidade** exércense sobre a persoa múltiples influencias educativas, que van desde aquelas que recibimos no noso medio familiar e no grupo de colegas até as que corresponden á escola e posteriormente ao medio laboral; a estas hai que sumarlle aquelas provenientes dos medios masivos de comunicación e outros factores de carácter hereditario, psicolóxico ...

Podemos entender a **personalidade** como un modelo único de pensamentos, sentimentos e condutas, determinados pola herdanza e polo ambiente, relativamente estables e duradeiros, que diferencian cada persoa das demais.

Desta definición debemos de destacar tres aspectos:

- **Singularidade:** aspectos que distinguen unha persoa das demais. A personalidade explica por que non todas e todos obramos igual en situacións parecidas. Exemplo: se unha persoa queda atrapada nun ascensor con outras tres, ningunha reaccionará da mesma forma.

- **Estabilidade:** as persoas temos un estilo ou forma peculiar de nos comportar a través do tempo. Supón admitir cambios e variacións no proceso vital do individuo.

- **Consistencia:** refírese as tendencias de comportamento en diferentes situacións. Por exemplo, unha muller pode atoparse en situacións diferentes: como médica atendendo a nenos e nenas, como educadora educando a súa crianza e outras persoas; en todas elas móstrase tolerante, xusta e democrática. A estabilidade sempre implica consistencia, e a consistencia, estabilidade.

Na construción da nosa **personalidade adulta** xoga un papel decisivo a nosa **autonomía**. Esta refírese á regulación da conduta por normas e valores que xorden de nós mesmos. Autónoma é toda aquela persoa que decide conscientemente que regras son as que van guiar o seu comportamento. Ter autonomía quere dicir ser capaz de facer o que cadaquén cre que se debe facer, pero non só iso. Tamén significa ser capaz de analizar o

que cremos que debemos facer e considerar se de verdade debe facerse ou se erramos. Somos autónomos cando somos razoables e consideramos o que debemos facer con todos os datos á nosa disposición. Dito doutro xeito: somos verdadeiramente autónomos cando usamos a nosa **conciencia moral** con liberdade. Como sinala a pensadora italiana María Montessori (1870-1952): "Se axudas a un neno, ou nena, máis do que o necesita, estás impedindo que medre". Isto é unha chamada á autonomía persoal.

Temos conciencia moral cando nos decatamos da conexión das nosas accións e os efectos que producen. Esta conexión lévanos ao concepto de **responsabilidade**. Só cando somos libres no sentido positivo da palabra, é dicir, autónomos, conscientes, decatámonos da repercusión das nosas accións e podemos ser responsables.

En relación ao concepto de autonomía, como proceso para a toma de decisións libres sustentadas na propia conciencia da persoa (valores, principios, crenzas etc.), é interesante repasar algúns conceptos que contribúen á constitución da autonomía como **vontade, liberdade e autoestima**.

A **responsabilidade** é un valor que está na conciencia da persoa, que lle permite reflexionar, administrar, orientar e valorar as consecuencias dos seus actos, sempre no plano do **moral**. Unha vez que pasa ao **plano ético** (posta en práctica), persisten estas catro ideas para establecer a magnitude de devanditas accións e afrontalas do xeito máis integral, sempre a prol do melloramento persoal, laboral, social, cultural e natural.

A medida que a persoa vai evolucionando e camiñando cara á idade adulta vai tendo máis opcións de responsabilidade e, por tanto, vai **controlando** o seu propio comportamento.

Principios da responsabilidade. Así o cumprimento responsable no noso labor humano, sexa cal for, rexeríase por principios como os seguintes:

- Recoñecer e responder ás propias inquietudes e ás dos demais.
- Mellorar sen límites os rendementos no tempo e os recursos propios da actividade que unha persoa realiza.
- Realizar autocrítica e facer nosas as anomalías que se xeran de xeito voluntario ou involuntario.
- Planear en tempo e forma as diferentes accións que conforman unha actividade xeral.
- Promover principios e prácticas saudables para producir, manexar e usar as ferramentas e materiais que a actividade nos achega.

A ética dinos como **deben ser** os feitos humanos. Así mesmo, estuda os valores e as normas morais, determina en que consiste a responsabilidade moral, investiga se existe liberdade na conduta humana, analiza a obriga moral interrogando: que debo facer?, por que?, como son os seres humanos, egoístas ou xenerosos?, son mellores unhas persoas que outras, ou todas teñen a mesma capacidade para ser boas?, por que debería ser eu unha boa persoa? ...

2 A CONCEPCIÓN KANTIANA DA PERSOA E OS CONCEPTOS DE AUTONOMÍA E HETERONOMÍA

Immanuel Kant (1724-1804) é un pensador alemán do século XVIII. O punto de partida da súa reflexión é a **moralidade común**. É indiscutible a existencia de valoracións morais dos feitos, actos e situacións que se dan entre os seres humanos. Tendo en conta o anterior, o obxectivo da súa teoría consiste en achar o principio moral que está na base da razón humana.

O autor parte da **persoa humana** e do respecto á súa **dignidade**. Entende que a filosofía moral ten a necesidade de establecer con claridade os conceptos que son relevantes nos nosos actos. Trata de procurar que a persoa se faga consciente da existencia da lei moral e de que esta se orixina en nós mesmos, e que, sendo libre e autónoma, faga uso da súa propia razón.

A ética kantiana parte do **feito moral**, a existencia do **deber**: temos conciencia de nos someter a normas morais, sentímonos obrigados a facer certas cousas e a evitar outras. Esta conciencia do deber é conciencia dunha determinación da **vontade** con carácter de universalidade e necesidade. Isto significa que as normas que a ética kantiana nos achega son válidas para todos (universais) e son desa maneira e non poden ser doutra (necesarias). Divide os principios da moralidade, prácticos, en:

- **Máximas**, que expresan como nos comportamos habitualmente dadas tales ou cales circunstancias. Exemplo: elixir libremente a nosa vestimenta.
- **Mandatos** ou **imperativos**, que poden ser hipotéticos ou categóricos. Os hipotéticos mandan unha acción porque esta é un bo medio para a realización dun fin, e están determinados pola inclinación. Por exemplo: se aprendes a nadar, mércote un regalo que che guste. Se eu digo que teño como fin aprender a nadar, o imperativo hipotético esíxeme que tome os medios necesarios para ese fin, digamos, que tome clases de natación. Os categóricos mandan a realización dunha acción porque esa acción é boa en si mesma, e están determinados directamente pola razón. Por exemplo: debes estudar.

Segundo Kant, do imperativo categórico existen tres formulacións:

1. «Obra só de forma que poidas desexar que a máxima da túa acción se converta nunha lei universal».
2. «Obra coma se, por medio das túas máximas, foses sempre un membro lexislador nun reino universal dos fins».
3. «Obra de tal modo que uses a humanidade, tanto na túa persoa como na de calquera outra, sempre como un fin, e nunca só como un medio».


O ser humano, en tanto que é un ser racional, é unha **vontade autónoma**, posto que está capacitado para se dar a si mesmo a lei moral, lei que pode considerarse como obxectiva e válida para todas as persoas. Neste feito basea o autor a **dignidade** da persoa. A dignidade é, pois, aquel valor interior que posúe todo ser racional en tanto que se constitúe a si mesmo como un fin último, como autolexislador da súa vontade e como un ser capaz de autonomía moral.

Kant distinguiu entre **éticas materiais** e **ética formal**. Así, a ética material será toda ética que considera que o que determina a bondade ou maldade da norma moral é a materia ou contido da norma moral. Así "non roubarás" é unha norma moral que nos manda non roubar porque o roubo en si mesmo é malo.

A **ética formal**, pola súa banda, é a que considera que o que determina a bondade ou maldade da norma moral é a súa forma. Toda norma moral vai en imperativo, é categórica. É dicir, é universal e necesaria. É válida para todos e para todas e sen excepción posible. Como sei eu que non debo roubar? Porque, ao intentar universalizar, converter en norma moral válida para todos e sen excepción, me atopo coa norma "Non roubarás", que é conforme á razón. Se universalizo a contraria "Todos debemos roubar", atópome cunha norma que repugna a razón. Kant considera que as éticas materiais non son válidas por ser insuficientes.

Éticas materiais

Parten de que hai bens. Un deles é o Ben Supremo. Buscan os medios para conseguilos (virtudes).
 Recorren á experiencia. Son éticas empíricas e particulares. Os seus preceptos son a posteriori e hipotéticos.
 Son heterónomas. As súas leis dependen das condicións da experiencia.
 Exemplos: as éticas platónica, a aristotélica e a cristiá.



Éticas Formais


Non hai bens, nin Ben Supremo. Non hai contidos. Só buscan a forma da lei.
 Non dependen da experiencia. Son éticas universais. Os seus preceptos son a priori e categóricos.
 Son autónomas. A razón dáse a si mesma os preceptos con total independencia da experiencia.
 Exemplo: a ética kantiana.

En conclusión, unha **norma autónoma** é aquela que procede dun mesmo. É a propia persoa, quen a través da súa razón, as elabora de maneira libre. Estas normas son categóricas e propias da ética formal kantiana. Polo contrario as **normas heterónomas** proceden dunha autoridade externa ao propio suxeito. Son hipotéticas e propias das éticas materiais.

3 AS VIRTUDES ÉTICAS EN ARISTÓTELES E A SÚA IMPORTANCIA PARA O DESENVOLVEMENTO DA PERSONALIDADE

Aristóteles (384-322 a. C.) defende o poder do acordo e da práctica colectiva na sociedade, guiadas por valores como o ben e o mal, o xusto e o inxusto, valores que eran posuídos por un gobernante ideal, un xuíz ideal, un comunicador social ideal. Entendía que a conduta non se basea en polaridades, senón que está controlada pola mesura do **termo medio** entre os seus extremos, o que conduce á persoa a unha elección deliberada, pensada e razoada por medio da súa razón, elección orientada á **felicidade**.

No seguinte esquema podemos resumir a teoría ética de Aristóteles acerca das virtudes éticas e os valores que achega:



O termo grego *ethos* significa "costume", "uso" e refírese á disposición moral da persoa. *Frónesis*, *areté* e *eunoía* conforman a excelencia moral e a reputación da persoa moral. *Frónesis* refírese á sabedoría práctica dunha persoa. *Areté* implica un conxunto de calidades cívicas, morais e intelectuais, a virtude. Representa a excelencia moral, a prudencia. Finalmente, *eunoia* comprende os significados de benevolencia, bos sentimentos; simpatía, aprecio; parcialidade.

Aristóteles distingue entre **virtudes morais** ou éticas e **virtudes intelectuais**:

- As **virtudes morais** son fillas dos bos hábitos. A persoa ten unha boa predisposición para posuír a virtude moral, pero coa condición de que se perfeccione por medio do hábito, da práctica. Exemplos: a xustiza, a temperanza e a valentía.
- As **virtudes intelectuais**, acompañadas do *logos* (razón) están unidas á intelixencia e á sabedoría. Apuntan á realización da verdade e do coñecemento. Exemplos: a sabedoría, a prudencia, o coñecemento científico e a intuición ou razón intuitiva.